

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025060902
ASUNTO	Programa "En plan ben"
TRÁMITE	Resolución presidencial de concesión das prazas

O deputado delegado de Reto demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura, no uso das atribucións delegadas por Resolución presidencial número 2025008021 de 3 de outubro de 2025, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓN TÉCNICAS:**

Primeiro. Por Resolución presidencial núm. 2025008399, de 15 de outubro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do programa "En Plan Ben", dirixido aos 34 centros educativos públicos que imparten ESO e Bacharelato nos concellos de Reto demográfico da provincia. As mesmas foron rectificadas por Resolución presidencial núm. 2025008584, de 23 de outubro de 2025, ao terse detectado un erro nun dos centros educativos destinatarios do lote 3. A convocatoria publicouse no BOPPO núm. 205, do 27 de outubro de 2025, sendo o prazo inicial de presentación de solicitudes do 3 ao 14 de novembro de 2025. O mesmo foi obxecto de ampliación, por Resolución presidencial núm. 2025060902, rematando finalmente o prazo o 21 de novembro de 2025.

Segundo. Rematado dito prazo, consta no expediente que 20 centros educativos presentaron solicitude de participación, de acordo co seguinte detalle:

Nº	Expte.	NIF	Centro educativo	Concello	Lote	Obrad. adic.
1	2025074592	Q8655622B	CPI de Rodeiro	Rodeiro	1	Non
2	2025076124	Q8655627A	IES Antón Alonso Ríos	Tomiño	3	Non
3	2025073635	S3600014I	IES de Cotobade	Cerdedo-Cotobade	3	Si
4	2025072575	S3600015F	IES Faro das Lúas	Vilanova de Arousa	2	Si
5	2025073806	S8600091F	IES de Salvaterra de Miño	Salvaterra de Miño	3	Si
6	2025074154	S3600007C	IES de Barro	Barro	2	Si
7	2025073307	S8600089J	IES de Meaño	Meaño	2	Non
8	2025074283	Q3600394E	IES Pintor Colmeiro	Silleda	1	Si
9	2025074327	S8600092D	IES de Sanxenxo	Sanxenxo	2	Non
10	2025074575	S3600001F	IES da Illa de Arousa	Illas de Arousa, A	2	Si
11	2025074733	Q8655501H	IES Pazo da Mercé	Neves, As	3	Si
12	2025074981	S8600090H	IES Illa de Ons	Bueu	2	Si
13	2025075091	Q8655628I	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	1	Non
14	2025075147	Q8655258E	IES Plurilingüe Aquis Celenis	Caldas de Reis	1	Si
15	2025074368	Q8655001I	IES da Cañiza	Cañiza, A	3	Si
16	2025075856	Q8655519J	IES Johan Carballeira	Bueu	2	Si
17	2025074333	S3600027A	IES Pedras Rubias	Salceda de Caselas	3	Si
18	2025076037	S3600008A	IES de Valga	Valga	1	Si
19	2025076423	S8600088B	IES de Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	3	Si
20	2025074734	Q8655023C	CPI da Cañiza	Cañiza, A	3	Si



Terceiro. Por Resolución presidencial núm. 2025010199, de 15 de decembro de 2025, aprobouse a modificación non esencial das bases reguladoras, ao ser preciso adaptalas ao novo procedemento de contratación do servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental iniciado tras ser declarado deserto pola Xunta de Goberno o procedemento aberto simplificado reservado á participación de entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro (expte. 2025058982).

Cuarto. Revisadas as solicitudes de participación dos 20 centros educativos, así como a restante documentación aportada por cada un deles, e efectuados os requirimentos correspondentes, 19 centros cumpren os requisitos necesarios para ser admitidos.

O CPI de Rodeiro non presenta en prazo a documentación requirida e remite a comunicación da súa renuncia.

Quinto. Segundo o disposto na base 11 da convocatoria, a concesión dos obradoiros terá lugar a través do seguinte procedemento:

- a) Adxudicación inicial. As solicitudes recibidas atenderanse garantindo a asignación da acción solicitada por cada centro, ata que todos os centros interesados teñan asignada a súa acción.
- b) Adxudicación de accións adicionais. No caso de que, unha vez realizada a adxudicación inicial, queden accións sen asignar porque algún centro non solicitou participar no programa, estas poderán ser asignadas aos centros que solicitasen unha acción adicional no formulario.

A asignación destas accións adicionais realizarase por orde de presentación das solicitudes, ata esgotar as vacantes. Así mesmo, para a asignación destas accións adicionais terase en conta o establecido na base 5 da convocatoria: "(...) Os centros agruparanse en tres lotes, descritos no anexo II, definidos en función da área xeográfica na que se atopen (...) En caso de que un centro destinatario non solicite participar, poderá adxudicarse unha segunda acción a outro centro da mesma área que manifeste o seu interese no formulario de participación. Esta segunda acción deberá impartirse a grupos diferentes dos inicialmente previstos.(...)".

Dos 19 centros que cumpren os requisitos para ser admitidas, 15 solicitaron a concesión dunha acción adicional. Existen prazas suficientes para asignar un obradoiro adicional a todos os centros que o solicitaron.



Sexto. Con data 23 de decembro de 2025, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme respecto do informe proposta da Xefa do Servizo de Xuventude e Reto demográfico, sinalando que "(...) A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de 58.268,38 €, con cargo a aplicación 26/233.2310.227.07 do orzamento provincial. Está pendente a aprobación do expediente de contratación para o servizo de desenvolvemento dos obradoiros (expediente nº 2025077353. (...)"

Á vista do anterior, e de conformidade co disposto na normativa aplicable, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar a concesión de prazas dentro do programa "En Plan Ben" aos 19 centros educativos seguintes:

LOTE 1				
Nº	Nº rexistro/ emenda	Expte.	Centro educativo	Nº de accións
1	WEB2025078056	2025074283	IES Pintor Colmeiro	2
2	WEB2025079035	2025075091	IES Marco do Camballón	1
3	WEB2025079106	2025075147	IES Plurilingüe Aquis Celenis	2
4	WEB2025079936	2025076037	IES de Valga	2
Nº de accións do lote 1				7
LOTE 2				
Nº	Nº rexistro/ emenda	Expte.	Centro educativo	Nº de accións
1	WEB2025077552	2025072575	IES Faro das Lúas	2
2	WEB2025077971	2025074154	IES de Barro	2
3	WEB2025078008	2025073307	IES de Meaño	1
4	WEB2025078176	2025074327	IES de Sanxenxo	1
5	WEB2025078497	2025074575	IES da Illa de Arousa	2
6	WEB2025078984	2025074981	IES Illa de Ons	2
7	WEB2025079681	2025075856	IES Johan Carballeira	2
Nº de accións do lote 2				12
LOTE 3				
Nº	Nº rexistro/ emenda	Expte.	Centro educativo	Nº de accións
1	WEB2025077302	2025073635	IES de Cotobade	2
2	WEB2025077561	2025073806	IES de Salvaterra de Miño	2
3	WEB2025078592	2025074733	IES Pazo da Mercé	2
4	WEB2025079620	2025074368	IES da Cañiza	2
5	WEB2025079843	2025074333	IES Pedras Rubias	2
6	WEB2025080396	2025076423	IES de Ponte Caldelas	2
7	WEB2025080514	2025074734	CPI da Cañiza	2
8	WEB2025081777	2025076124	IES Antón Alonso Ríos	1
Nº de accións do lote 3				15

Segundo. Aceptar a renuncia do centro educativo CPI de Rodeiro (expte. 2025074592).



Terceiro. Publicar a resolución no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Asinado dixitalmente na marxe.

Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere oportuno acorde a dereito.

